

Xornada On-line

Location Intelligence: Xeodatos aplicados á mellora da produtividade empresarial e ao marketing dixital

📅 Datas: 17 e 24 de novembro de 2022

🕒 Horario: de 09:15 h. a 11:30 h.

👥 Organiza: CIS Tecnoloxía e Deseño

O **CIS Tecnoloxía e Deseño** promove en 2022 un ciclo formativo de varias actividades, dirixidas especificamente a incrementar o coñecemento das empresas. A última actividade deste ciclo ten como tema principal os xeodatos e como aplicalos para mellorar a produción empresarial e ó márketing online.

A Location Intelligence ou xeolocalización de activos de interese empresarial é unha vertente do Business Intelligence que introduce o compoñente xeográfico na análise de datos. Hoxe en día unha gran parte dos datos están vinculados a localizacións físicas e momentos no tempo. Neste contexto a localización deixa de ser un mero conector entre diferentes fontes de datos, para converterse nun elemento crítico para resolver problemas empresariais e descubrir novas oportunidades. A Location Intelligence pode axudar ás súas organizacións a detectar tendencias, adiantarse aos competidores e tomar decisións máis intelixentes.

Este taller será impartido por **María Ramos Sanz** y **Susana Serantes**.

María Ramos é **enxeñeira de montes especializada en sistemas de información xeográfica**, conta cunha traxectoria de 20 anos como experta independente ao servizo de administracións públicas e empresas.

Susana Serantes é **licenciada en dereito con máis de 20 anos de experiencia en consultoría** nas áreas de comercio exterior, desenvolvemento económico, industrialización e turismo.

PROGRAMA DÍA 17

9:15 h. – 9:30 h.

- Presentación a cargo de **María José Mariño Fontenla**, Directora de Área de Centros de GAIN.

9:30 h. – 11:15 h.

- ¿Qué é a Location Intelligence e qué pode achegar á miña empresa?
- Uso de datos xeolocalizados para mellorar procedementos internos.
 - ¿Qué procedementos internos podo mellorar aplicando a Location Intelligence?
 - ¿Cómo sacar máis partido ás BBDD da miña empresa e mellorar os procedementos internos engadindo o compoñente xeográfico?
 - ¿Qué podo aprender de cómo o están facendo outras empresas?
- Caso práctico: Localización da sede da empresa/nave/comercio introducindo os parámetros requiridos.
- Aplicando o aprendido na miña empresa. Formulación do caso práctico voluntario e tutorización.

11:15 h. – 11:30 h.

- Reflexións e discusión.

PROGRAMA DÍA 24

9:30 h. – 11:15 h.

- Uso de datos xeolocalizados para optimizar o márketing online.
 - ¿Cómo podo utilizar a Location Intelligence para mellorar a actividade de márketing da miña empresa?
 - A xeolocalización orientada á captación de potenciais clientes (localización de targets para campañas de márketing a través de datos socioeconómicos da poboación, publicación da empresa en distintas plataformas).
 - ¿Qué podo aprender de cómo o están facendo outras empresas?
 - Solucións existentes no mercado.
- Caso práctico: Localización dun target socioeconómico determinado para orientar unha campaña.
- Aplicando o aprendido na miña empresa. Formulación do caso práctico voluntario e tutorización.

11:55 h. – 11:30 h.

- Reflexións e discusión.

